

ABAU
CONVOCATORIA DE XULLO
Ano 2019

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DA FILOSOFÍA
(Cód. 34)

A cualificación global do exame distribúese do seguinte xeito:

OPCIÓN A

PRIMEIRA PARTE: A cualificación máxima é de 6 puntos: 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.

a) No Comentario do fragmento valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e estrutura argumentativa, e a relación entre o texto e un contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na Historia da Filosofía).

Deste xeito, o comentario do fragmento da *República* (Libro VI, 509a-511e) de Platón deberá amosar unha axeitada comprensión dos conceptos principais do texto proposto, establecendo ademais unha contextualización da súa temática no pensamento de Platón e deste na historia da filosofía.

Cualificación máxima 3 puntos.

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición na que observárase corrección expresiva e gramatical.

Deste xeito, a cuestión *Realidade e coñecemento en Platón*, atenderá entre outros contidos aos "graos de coñecemento", "á relación do mundo sensible co mundo intelixible", etc. **Cualificación máxima 3 puntos.**

SEGUNDA PARTE: A cualificación máxima será de 3 puntos.

A avaliación da cuestión teórica farase -como no caso anterior- en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

Deste xeito, a cuestión *Descartes: el problema del método y la evidencia del cogito*, atenderá entre outros contidos á estrutura e necesidade do método (no Racionalismo), ao alcance da dúbida e da certeza, a comprensión da "res cogitans", etc. **Cualificación máxima 3 puntos.**

TERCEIRA PARTE: A cualificación máxima será de 1 punto.

Cada unha das catro respostas que se deben dar (nome do filósofo para cada un dos dous conceptos e os dous títulos das obras) terá unha cualificación máxima de 0,25 puntos. Deste xeito, neste caso:

a) ámbolos dous conceptos "*forzas productivas - alienación*" corresponden a K. Marx. **Cualificación máxima 0,5 puntos.**

b) A resposta correcta conterá o título completo de dúas obras de K. Marx. **Cualificación máxima 0,5 puntos.**

OPCIÓN B

PRIMEIRA PARTE: A calificación máxima é de 6 puntos: 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.

a) No Comentario do fragmento valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e estrutura argumentativa, e a relación entre o texto e un contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na Historia da Filosofía).

Deste xeito, o comentario do fragmento do *Tratado da natureza humana* (Libro I, Parte I, Sección VI) de Hume deberá amosar unha axeitada comprensión dos conceptos principais do texto proposto, establecendo ademais unha contextualización da súa temática no pensamento de Hume e deste na historia da filosofía. **Cualificación máxima 3 puntos.**

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición na que observarase corrección expresiva e gramatical.

Deste xeito, a cuestión asociada *Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade* atenderá entre outros contidos á presentación do empirismo como corrente filosófica, a importancia da experiencia no coñecemento, o fenomenismo e a causalidade, o problema da fundamentación da substancia, etc. **Cualificación máxima 3 puntos.**

SEGUNDA PARTE: A calificación máxima será de 3 puntos.

A avaliación da cuestión teórica farase -como no caso anterior- en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

Deste xeito, a cuestión teórica *O problema Razón/Fe na Filosofía Medieval*, atenderá entre outros contidos á Escolástica e ás formas de relación razón/fe segundo algún(s) autor(es) do Medievo, etc. **Cualificación máxima 3 puntos.**

TERCEIRA PARTE: A calificación máxima será de 1 punto.

Cada unha das catro respostas que se deben dar (nome do filósofo para cada un dos dous conceptos e os dous títulos das obras) terá unha cualificación máxima de 0,25 puntos. Deste xeito, neste caso:

a) ámbolos dous conceptos "*nihilismo - vontade de poder*" corresponden a F. Nietzsche. **Cualificación máxima 0,5 puntos.**

b) A resposta correcta conterá o título completo de dúas obras de F. Nietzsche. **Cualificación máxima 0,5 puntos.**